

Dereitos e liberdades na Galiza

RESUMO DE NOTÍCIAS

4º trimestre 2014

CASO DE DIVULGACIÓN DE DATOS DE PERSOAS PRESAS A AEPD desestima recurso de EsCULcA contra resolución anterior



03/10/2014

O pasado día 25 de setembro a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) notificou a EsCULcA a desestimación do recurso de reposición interposto contra a súa anterior resolución no caso de revelación de datos persoais de varios presos do CP de Teixeiro nun xornal da Coruña. A AEPD procederá ao arquivo da denuncia de EsCULcA contra a dirección do penal.

<http://esculca.net/web/node/4426#.VLAE23tcCnM>

ACTIVISTA DETIDO EN COMPOSTELA EsCULcA solicita levantamento do réxime de detención incomunicada



06/10/2014

Perante a detención de R.A.C. por alegados delitos de terrorismo e a aplicación do **rexime de incomunicación**, EsCULcA formulou por escrito o pasado sábado, día **catro**, petición ao Xulgado Central de Instrución número catro a fin que procedese a alzar a réxime de incomunicación e, non seu defecto, que aplicase o chamado Protocolo Garzón.

<http://esculca.net/web/node/4430#.VLAEqXtcCnM>

FESTA SOLIDARIA DE STOP-DESAFIUZAMENTOS

O Goberno sanciona con multas a solidariedade contra os despexos



03/10/2014

Stop-Desafiuzamentos impulsa unha festa solidaria na Coruña para reunir recursos económicos con que facer fronte ás multas por un total de 6.000 euros que a Delegación e Subdelegación do goberno español impuxeron á loita contra os despexos. Terá lugar sábado 4 de outubro no Pub 14! (R/San Vicente de Paul, 11, A Coruña) e na mesma tomarán parte... 27 Djs!!

<http://esculca.net/web/node/4427#.VLA Eh3tcCnM>

PRESO DA LAMA EM FOLGA DE FAME

EsCULcA reclama intervención da Defensoría del Pueblo e o MNPT



07/10/2014

Con data 7 de outubro, EsCULcA enviou escrito à *Defensoria del Pueblo* e o *Mecanismo Nacional de Prevención de la Tortura* para reclamar a intervención destes dous organismos no caso de E.S.P., interno no C.P. da Lama en folga de fame no cárcere da Lama desde o pasado día 14 de agosto en protesta pola violación dos dereitos das persoas presas.

<http://esculca.net/web/node/4433#.VLA EaHtcCnM>

DECISIÓN POLÍTICA E SEN PROBAS DO CNI

Vetan traballadores de Navantia-Ferrol por "deslealdade a España"



18/10/2014

"Faranse as investigacións precisas para determinar se unha persoa, o seu cónxuxe ou parella, ou persoas vinculadas cercanas (...) demostraron, de obra ou palabra, falta de honradez, deslealdade, falta de fiabilidade, non ser de confianza, ou indiscreción". En base a este criterio, o CNI nega a traballadores de Navantia Ferrol acceder a parte das instalacións e documentos.

<http://esculca.net/web/node/4451#.VLA ELHtcCnM>

XESTIÓNS CON ORGANISMOS RESPONSÁBEIS

Deputadas interésanse por situación de preso en folga de fame



22/10/2014

A prolongada folga de fame de E.S., iniciada no mes de agosto no cárcere da Lama en protesta polas reiteradas vulneracións de dereitos que padecen as persoas presas no penal, provocou a reacción de varias deputadas no Parlamento Galego e o Congreso español, que se interesaron polo estado de saúde do interno e o fundamento da súas reclamacións.

<http://esculca.net/web/node/4455#.VLAEEHtcCnM>

A VIDA TRAS O MURO

Crónica das I Xornadas de Dereito Penitenciario



27/10/2014

Sob o título “A vida tras o muro” celebráronse en Vigo as I Xornadas de Dereito Penitenciario os días 24 -25 de outubro. Organizadas pola Comisión de DDHH da Agrupación de Avogados Novos coa colaboración e financiamento do Colexio de Avogados, as xornadas decorreran no auditorio colexial, situado nos Xulgados e no Museo Marco, antiga prisión municipal panóptica.

<http://esculca.net/web/node/4470#.VLAD3ntcCnM>

A AXENCIA TRIBUTARIA

Quere sancionar a Mesa por solicitar recibir as notificacións en galego



29/10/2014

A Axencia Tributaria remitiu á Mesa pola Normalización Lingüística notificación de expediente sancionador por “resistencia, obstrucción, excusa a las actuaciones de la Administración Tributaria”. Unha decisión adoptada após a plataforma en defensa do idioma propio de Galiza ter solicitado por escrito que as notificacións que lle remitisen estivesen en galego.

<http://esculca.net/web/node/4477#.VLADwHtcCnM>

SUB-DELEGACIÓN DO GOBERNO DA CORUÑA

Condena por manipular expedientes e vulnerar dereitos de deputado



31/10/2014

O xulgado contencioso-administrativo da Coruña condena a Subdelegación do Goberno por vulnerar o dereito de defensa e de liberdade de expresión e o dereito de reunión do portavoz parlamentario do BNG, Francisco Jorquera, demostrando que non respectou dereitos fundamentais básicos nunha democracia e dar instrucións á policía para facer denuncias non fundamentadas.

<http://esculca.net/web/node/4480#.VLADm3tcCnM>

A FISCALIA DETECTA NUMEROSAS IRREGULARIDADES

Investiga se a Garda Civil impuxo sancións arbitrarias a preferentistas



01/11/2014

A raíz dunha denuncia das persoas afectadas, a fiscalía de Vigo chamará a declarar os axentes da Garda Civil que sancionaron preferentistas por supostas infraccións de tráfico cometidas en xuño de 2013 no municipio do Rosal, nunha das épocas de maior fragor na protesta da plataforma de afectados da comarca de Baixo Miño ante o consistorio local.

<http://esculca.net/web/node/4481#.VLADentcCnM>

FORAN DENUNCIADOS POR GALICIA BILINGÜE

Arquivada causa aberta contra activistas por audiovisual paródico



04/11/2014

A sección 5ª da Audiencia Nacional de Pontevedra arquivou o caso aberto en 2008 contra tres militantes da Assembleia da Mocidade Independentista (AMI) como alegados autores de *Vilingüismo*, un audiovisual de animación en que se denunciaba parodicamente a españolización lingüística da mocidade centrando a parodia no grupo Galicia Bilingüe,

<http://esculca.net/web/node/4485#.VLADWHtcCnM>

"ACTITUDE CHULA E FACHENDOSA" DO POLICÍA MUNICIPAL
Tensión entre axentes da PN e membro da Policía Local de Poio



04/11/2014

O Sindicato Unificado de Policía denuncia "obstrución" dun axente da Policía Local de Poio por multar un dos seus membros durante unha intervención contra o crime organizado. Os feitos tiveron lugar o pasado 3 de outubro, cando funcionarios do C.N. de Policía de Pontevedra, con motivo dunha investigación, tiveron que trasladarse ao municipio de Poio.

<http://esculca.net/web/node/4486#.VLADOntcCnM>

NAS PROTESTAS DOS CERQUEIROS DE MARZO EN VIGO
Multas de 150 euros por berrar "lume" nunha manifestación



05/11/2014

A Subdelegación do goberno español está a remitir multas de aaté 150 euros a mariñeiros e armadores da frota do cerco que tomaron parte na manifestación do 6 de marzo en Vigo. Segundo a Subdelegación os feitos denunciados pola policía española e que son obxecto da sanción, consisten en "desordes leves" mais a falta que se lles atribúe aos cerqueiros son calificadas como "graves".

<http://esculca.net/web/node/4487#.VLADF3tcCnM>

POR EXHIBIREN ESTRELEIRAS EN LA VUELTA
Goberno nega identificacións de persoas por perfil ideolóxico



07/11/2014

A Delegación do Goberno español negou ao Defensor del Pueblo que durante o percorrido de 'La Vuelta' por Galiza se tivesen producido identificacións e inspeccións corporais de persoas polo feito de estas exhibiren bandeiras nacionalistas como denuncian organizacións e colectivos afectados e o *Movemento polos Dereitos Civís*. O mesmo acontecera xa en 2013.

<http://esculca.net/web/node/4497#.VLAC73tcCnM>

NUNHA PISTA DA PARCELARIA PARA USO AGROAGANDEIRO **Concello multa a gandeiro por as súas vacas suxaren a vía pública**



08/11/2014

O Concello de Compostela notificou sanción a J.P., gandeiro da Sionlla, e reclamalle 500 euros por "ensuxar a vía pública" no camiño ao prado onde desenvolve o pastoreo. Atribúe a multa aos prexuízos causados polas bostas das súas vacas á veciñanza e á "obriga" do gandeiro de "evitar e previr a suciedade". A resolución mesmo chega a ser de catro folios con inclusión de "informes policiais".

<http://esculca.net/web/node/4502#.VLA C1XtcCnM>

DIANTE DAS SEDES DO PARTIDO POPULAR **Concentracións silenciosas en vilas e cidades galegas contra a ‘Lei Mordaza’**



11/11/2014

A Alianza Social Galega convoca para o serán desta quinta feira, 13 de novembro, concentracións silenciosas perante as sedes do Partido Popular en 10 vilas e cidades galegas. Unha mobilización co que esta plataforma formada por sindicatos, entidades sociais, ambientais, produtivas,... queren manifestar o rexeitamento frontal a unha lei que é, afirman, “un golpe de estado encuberto”.

<http://esculca.net/web/node/4508#.VLA Cm3tcCnM>

A SENTENZA CALIFICA A MEDIDA DE "ARBITRARIA" **A AN declara ilegais os cacheos con espido integral a Carlos Calvo**



11/11/2014

A principios deste ano, Carlos Calvo presentou queixa ante o Xulgado Central de Vixilancia Penitenciaria denunciando que desde o ingreso en prisión no cárcere de Topas estaba sendo sometido a cacheos “sistemáticos” con espido integral sempre ao rematar as comunicacións vis-à-vis coa parella e a familia. En total 17 controles arbitrarios en 13 meses de prisión.

<http://esculca.net/web/node/4509#.VLA CentcCnM>

MULTA DE 600 € E PAGAMENTO DE COSTAS

Rexeitado recurso do bombeiro que se negou a desafiuzar Aurelia Rey



11/11/2014

O bombeiro que se negou a colaborar coa comisión xudicial para levar a cabo o desafiuzamento de Aurelia Rey na Coruña terá de pagar unha multa de 600 euros por "infracción administrativa" e "provocación de reaccións no público que alteran ou poden alterar a seguridade cidadá".despois de o xulgado do contencioso-administrativo núm. 4 da Coruña ter desestimado o recurso."

<http://esculca.net/web/node/4506#.VLACV3tcCnM>

TESTEMUÑA CHAVE NO CASO POKÉMON

Citados a declarar seis axentes locais de Ferrol por estraña detención



12/11/2014

Desde hai varios días, a xuíz Pilar de Lara tenta coñecer sen éxito as verdadeiras circunstancias en que se produciu a detención hai dúas semanas, cando facía auto-stop, dunha testemuña chave no caso Pokémon, o extraballador do Acuario da Coruña Antonio Pérez Cribeiro que denunciou ser vítima de acoso laboral por oporse á adxudicación á empresa Vendex do servizo do Acuario.

<http://esculca.net/web/node/4515#.VLACNHtcCnM>

FOGAR DA MADRE ENCARNACIÓN POSÍBEL CÓMPLICE

Denuncian irregularidades en adopcións tuteladas pola Xunta



12/11/2014

A Audiencia de Lugo volve dar a razón aos avogados que defenden varias familias ás que a Xunta retirou supostamente de forma irregular crianzas para seren dadas en adopción. O tribunal dá un pau á xuíz que instrúe o caso, Sandra Piñeiro,e obrígaa a reabrir parte das dilixencias que archivara ao non achar conexión co resto das denuncias que integran os 58 tomos do sumario.

<http://esculca.net/web/node/4516#.VLACFHtcCnM>

AFASTA O GRUPO DO EDIFICIO DA SEDE DO PP EN COMPOSTELA **A policía impede concentración legal contra a Lei Mordaza**



16/11/2014

En resposta à convocatoria da Alianza Social Galega, o pasado día 13 celebráronse diante das sedes do Partido Popular nas grandes cidades e vilas galegas concentracións de protesta contra a futura Lei de Seguridade Cidadá, a chamada Lei Mordaza. En Compostela, a policía impediu que o acto se desenvolvese no lugar previamente comunicado à Subdelegación do Goberno.

<http://esculca.net/web/node/4519#.VLAB6XtcCnM>

LEVAN PAGADO MAIS DE 17.000€ EN MULTAS

1º Xuízo a preferentistas. Pendentes outras 30 citacións xudiciais



20/11/2014

X.V.,N. R. e M. R. foron xulgados esta quinta feira en Pontevedra por participación en mobilizacións do colectivo de persoas “estafadas” nas preferentes e subordinadas. Ás portas do Xulgado do contencioso-administrativo tivo lugar unha concentración de solidariedade e denuncia do que cualifican de “escalada” sancionadora contra este colectivo.

<http://esculca.net/web/node/4528#.VLABzntcCnN>

DOMINGO DIA 23 EN VILAS E CIDADES GALEGAS

Manifestacións da ASOGA contra a Lei de seguridade cidadá



20/11/2014

A Alianza Social Galega (ASOGA) convoca manifestacións en Galiza para o vindeiro domingo día 23 de novembro contra a Lei de seguridade cidadá, a 'lei mordaza' coa que o PP pretende criminalizar a protesta e converter o conflito social nun problema de orde pública, camiñando cara un estado de carácter policial de liberdades e vías de participación democrática minguadas.

<http://esculca.net/web/node/4529#.VLABm3tcCnM>

OMITE RESPONDER SOBRE VULNERAÇOM DE DD.HH.

O governo responde a pergunta sobre situaçom de preso na Lama



24/11/2014

Com data de registo 20 de novembro, o governo respondeu a pergunta formulada pola deputada Rosana Pérez (BNG) a propósito da situaçom de E.S.P. , em folga de fame no cárcere da Lama durante quase dous meses, e as gestons feitas polo governo para averiguar o fundamento das reiteradas denúncias sobre vulneraçom de direitos humanos nos cárceres espanhóis.

<http://esculca.net/web/node/4535#.VLABeXtcCnM>

CONVOCADAS POLA ALIANZA SOCIAL GALEGA

Manifestacións en toda Galiza contra a "Lei Mordaza"



26/11/2014

Convocadas pola Alianza Social Galega, milleiros de persoas saíron o pasado 23 de novembro ás rúas nas cidades galegas e en varias vilas contra a Lei de Seguridade Cidadá que, segundo denuncian os convocantes, "é un paso máis nos dereitos máis básicos, criminaliza a protesta social, as liberdades úblicas e as vías de participación democrática, retrotaéndonos ao franquismo".

<http://esculca.net/web/node/4538#.VLABT3tcCnM>

ACUSADO DE APOLOGIA DO TERRORISMO

Detido quando se dirigia a umha mobilizaçom contra um despejo



27/11/2014

J.C.S. foi detido na Corunha manhá do 26 de novembro quando se dirigia a apanhar o autocarro para acudir a umha mobilizaçom contra os despejos, numha operaçom da Guardia Civil que salpicou tamém as localidades de Madrid e La Rioja. Os três detidos som acusados de "enaltecimento do terrorismo" durante umhas jornadas desenvolvidas hai um ano na vila biscaína de Laudio.

<http://esculca.net/web/node/4540#.VLABH3tcCnM>

EN FAVOR DO DEREITO AO ABORTO

Visto para sentenza xuízo contra activistas por pintar mural



27/11/2014

Os dous activistas D.C. e D.N. (BNG), foran denunciados pola Garda Civil por un suposto delito de "deslucimento" do patrimonio após pintaren un mural en defensa do dereito ao aborto. A acción desenvolveuse o 13 de xaneiro de 2014, nun "muro de contención lateral" pertencente á N-VI á altura da glorieta do Seixal.

<http://esculca.net/web/node/4543#.VLABAHtcCnM>

28 DE NOVEMBRE EM VILAS E CIDADAS GALEGAS

Em apoio dos dereitos das persoas presas independentistas



27/11/2014

Entidades políticas e sociais convocam para o 28 de novembro mobilizacións nas ruas galegas para acompañar as/aos pres@s independentistas galeg@s no seu jejum mensual. Este mes, o ato reivindicativo que desenvolven dentro das prisións @s retaliad@s polític@s galeg@s cumpre catro anos e com perspectiva de continuar até nom se dar resposta às seguintes reivindicacións:

<http://esculca.net/web/node/4544#.VLAA2ntcCnM>

PARA "PROTEXER" UN DESPEXO NA CORUÑA

16 furgons, ducias de axentes, duras cargas policiais



27/11/2014

Un forte dispositivo da UIP (16 carriñas e axentes con equipamento anti-disturbios), apoiado por axentes municipais, "protexeu" hoxe o despexo dunha familia na Coruña e colapsou o tránsito de vehículos na Av. Alfonso Molina. Tres persoas se encadearon ao porton da vivenda e outras tres subiron ao tellado nunha tentativa de impedir que se consumase o despexo.

<http://esculca.net/web/node/4541#.VLAArntcCnM>

ESCULCA, ARQUITECTOS SEN FRONTEIRAS E DIVERSIDADES
Análise A Fondo sobre a criminalización da pobreza



27/11/2014

EsCULcA, en colaboración con *Arquitectos sen Fronteiras e Diversidades*, coordina o caderno de análises de *Sermos Galiza (A Fondo)* dedicado esta semana a examinar as políticas de acoso institucional, na Galiza e en grande parte da Europa, contra persoas sen-abrigo e obrigadas a desenvolveren traballos informais por causa da situación de extrema pobreza.

<http://esculca.net/web/node/4545#.VLA Ai3tcCnM>

O CONCELLO ENVIUO 50 AXENTES MUNICIPAIS
Denuncian irregularidades nun despexo en San Vicente de Elviña



04/12/2014

Stop Desafiuzamentos A Coruña denuncia "grave negligencia" e violencia extrema utilizada contra algúns dos manifestantes pola Policía Local da Coruña, o que tería provocado que dúas persoas perdesen o coñecemento e varias mais resultasen lesionadas. Di que a pala excavadora que derrubou á casa pertence a Acciona, a empresa que quere facer o parque ofimático.

<http://esculca.net/web/node/4554#.VLA AXntcCnM>

CONCERTINAS, MORTEIROS, SOLDADOS NAS FINCAS
Denuncian consecuencias de manobras militares en Parga



04/12/2014

Desde o mes de abril a veciñanza desta parroquia do Concello de Guitiriz vive preocupada pola presenza dun valado de concertinas no perímetro do campo militar ali situado. Porén, nas últimas semanas Parga sofre tamén as consecuencias dunha maior actividade militar e os riscos das prácticas de tiro nunha zona de vivendas a "a 600 metros do campo"-

<http://esculca.net/web/node/4555#.VLA APntcCnM>

CON SENTENZA A FAVOR DA VÍTIMA

Axuízamento a agredido e denunciado na Coruña pola Policía Local



28/11/2014

Cunha [sentenza](#) insólita, a xuíza titular do Xulgado de instrución nº 3 da Coruña dá por concluído o caso de P.O, comerciante ambulante, nixeriano e sen papeis, que foi agredido o 7 de xuño de 2013 por dous axentes da Policía Local da Coruña, despois de esixírenlle, de maneira desproporcionada, a entrega da mercadoría: un lote de caramelos e guardanapos.

<http://esculca.net/web/node/4549#.VLAAE3tcCnM>

CUESTIONA QUE RG SEXA BANDA TERRORISTA

Voto particular discrepante en sentenza en xuízo a independentistas



11/12/2014

A Audiencia Nacional española condena a H.N. a 11 anos por ‘colaboración con banda armada’ e ‘danos con finalidade terrorista’ cun voto particular en contra do maxistrado Ramón Sáez Valcárcel, que cuestiona a consideración de Resistencia Galega como banda terrorista e considera que non hai elementos de abondo para condenar H.N.

http://esculca.net/web/node/4565#.VK_7XtcCnM

S.O.S. RACISMO – GALICIA

Denuncian que a Axencia de Turismo tolera comportamentos racistas



17/12/2014

SOS racismo critica duramente a Axencia de Turismo por tolerar abusos racistas e xenófobos en varios locais de lecer da Coruña despois de este organismo ter pechado en falso unha investigación impulsada pola ONG, que levou a cabo unha proba ("Testing") o pasado 8 de decembro para determinar se existe discriminación no acceso a este tipo de establecementos.

http://esculca.net/web/node/4575#.VK_zntcCnM

PLATAFORMAS DE EMIGRANTES RETORNADOS DA GALIZA
Denuncian infracción do dereito á igualdade de trato ante a lei



19/12/2014

20 Plataformas de Pensionistas Emigrantes denunciaron o pasado día 17 en conferencia de prensa que a reforma fiscal prevista na Lei 26/2014 consagra a infracción do dereito ao trato igual perante a lei sen xustificación e afecta gravemente na Galiza unhas 250.000 persoas, penalizadas por se teren visto obrigadas a emigrar por falta de traballo na terra.

http://esculca.net/web/node/4580#.VK_oHtcCnM

FOILLE SUSPENDIDO O PERMISO DE SAÍDA DE FIN DE ANO
Informan que interno no cárcere da Lama se declara en folga de fame



28/12/2014

Segundo informan colectivos de defensa dos dereitos das persoas presas, J. G., interno no cárcere da Lama, declarouse en folga de fame o pasado día 12 en protesta por lle ter sido cancelado o permiso ordinario que tiña concedido para o 30 de decembro. A dirección do centro impuxo a sanción alegando que J.G. tiña no seu poder un obxecto prohibido e desobedeu os funcionarios.

http://esculca.net/web/node/4594#.VK_V3tcCnM

PEDEN 3.200€ DE INDENMIZACIÓN
Xulgada vítima das preferentes por supostas agresións a axentes



31/12/2014

Policías de Tui piden 3.200 euros a L.B., ao que acusan de bater neles durante unha concentración a pesar de tratarse dunha persoa cun 70% de discapacidade psíquica. L.B. aínda non recuperou todos os cartos cobrados en concepto de indemnización polo accidente que lle causou a lesión, investidos no calote financeiro. A fiscalía rebaixa a petición a 300 euros.

http://esculca.net/web/node/4599#.VK_gntcCnM

Galiza, Janeiro de 2015